



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN GRUPO B abril – maio 2018

A nena do abrigo de astracán, de Xabier P. DoCampo



A vila de Ribadaínsua é a narradora e protagonista dos acontecementos dramáticos dos últimos meses de 1947, que algúns quixeron agochar, para amosar aos seus habitantes como aniñara o mal entre eles e como os abranguera dunha forma asfixiante. Un relato que reflicte un mundo que, aparentemente afastado, dá explicación de como todo se constrúe e controla desde a toma do poder e o dominio do territorio onde se exerce.

Entrega: 4 abril

Comentario: 18 abril

Commemoración do Día do Libro

La habitación de Nona, de Cristina Fernández Cubas




Unha nena sente unha envexa crecente cara á súa irmá Nona a quen todo o que lle ocorre é especial. Unha muller ao bordo do desafiuzamento confía nunha benévola anciá que a convida a tomar un café... Cristina Fernández Cubas revisita a infancia e a madurez, a soidade e a familia, a cotidianidade das nosas casas e as nosas cidades e descóbrenos que en todos eles talvez aniñen inadvertidos o misterio, a sorpresa e o calafrío.

Entrega: 18 abril

Comentario: 2 maio

Nosotros en la noche, de Kent Haruf




Louis e Addie levan gran parte da súa vida sendo veciños na tranquila localidade de Holt, en Colorado. Ambos enviudaron hai anos e acaban de franquear as portas da vellez, polo que non tiveron máis opción que afacerse a estar sós, sobre todo nas horas máis difíciles, despois do anoitecer. Pero Addie non está disposta a conformarse e decide visitar inesperadamente ao seu veciño para propoñerlle pasar as noites xuntos. Ante tan sorprendente proposta, Louis non pode facer outra cousa que acceder.

Entrega: 2 maio

Comentario: 16 maio

El amor no es un verso libre, de Susana Fortes



Madrid, 1935. A norteamericana Kate Moore chega á Residencia de Estudantes co fin de ampliar os seus estudos de literatura española. O profesor Díaz-Ugarte é o encargado de guiar os seus primeiros pasos nun mundo no que brillan non só artistas, músicos, poetas, senón tamén arribistas inmersos en turbios negocios. Esa atmosfera estala de súpeto cando o cadáver dun alumno aparece flotando nunha canle de rego próxima.

Entrega: 16 maio

Comentario: 30 maio

REMATE DA TEMPADA